

FORO AVANZA

13, 14 e 15 de novembro de 2018

Sede: Facultade de Economía e Empresa

Sala: Salón de Graos

[Inscripción](#)

13 NOVEMBRO 2018

10:00h - 10:10h Benvida

Margarita Amor López, vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

10:10h - 10:50h Experiencias de voluntariado

Relatoras: Lorena Rilo Pérez, técnica da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC, e Lorena Boga García, voluntaria europea.

Contido: En primeiro lugar Lorena Rilo presentará a OCV da UDC e a continuación Lorena Boga vai nos relatar de primeira man a súa experiencia como voluntaria en Polonia.

10:50h - 11:30h Experiencias Erasmus+

Relatores: Alicia Martínez Núñez (mestrado universitario en Arquitectura), Laura Arias Ramos (grao en Economía).

Contido: Varios estudantes da UDC falarán das súas experiencias como participantes do programa Erasmus+.

11:45h - 12:15h Fundación da Universidade da Coruña

Relatora: Rosa Villar Mouro.

Contido: Coñeceremos que pode facer a [FUAC](#) polos estudantes e egresados: programas de prácticas extracurriculares remuneradas, ofertas de emprego, oferta formativa, etc.

12:15h - 13:00h UDC-Emprego

Relatora: Janet Fernández López, técnica de emprego da UDC.

Contido: Servizos da unidade de Emprego da UDC. Orientación laboral. Emprendemento. Que é unha IEBT?

13:00h – 13:30h Caso práctico de IEBT: Teimas Desenvolvemento, S.L.

Relator: Iago Elizechea, director técnico de Teimas Desenvolvemento, S.L.

Contido: [Teimas Desenvolvemento, S.L.](#) é unha iniciativa empresarial de base tecnolóxica fundada en 2008 por catro enxeñeiros da UDC. Desenvolve produtos TIC innovadores no eido dos refugallos como Teixo, Tropa Verde, ZERO, etc. Líderes a nivel estatal con Teixo, un programa ERP especializado para xestores de residuos.

14 NOVEMBRO 2018

10:00h – 11:45h Obradoiro: o Currículo. Como facer un bo currículo

INPREGA (Sociedade Cooperativa Galega)

Obxectivo: Conseguir que os/as participantes ao finalizar o obradoiro sexan capaces de redactar un currículo que poña en valor no só os seus coñecementos se non tamén as competencias e habilidades adquiridas ata de agora e suscite o interese dos responsables de RRHH das empresas para que sexan chamados a participar nos procesos de selección de persoal.

12:00h – 14:00h Obradoiro: A entrevista de traballo. Que debo coñecer?

INPREGA (Sociedade Cooperativa Galega)

Obxectivo: Conseguir que o alumnado coñeza e perda o medo a enfrontarse aos procesos de selección de persoal (entrevistas de selección, dinámicas grupais, probas psicotécnicas, ...). Nun contexto eminentemente práctico, cada participante será suxeito activo e participativo nas dinámicas dirixidas a coñecer e pór en práctica as técnicas de selección máis utilizadas.

15 NOVEMBRO 2018

10:00h – 14:00h Encontro con empresas

Nesta xornada as empresas que se relacionan a continuación presentaranse diante dos participantes. De seguido os estudantes poderán ter entrevistas persoais cos representantes de cada unha delas.

ALTIA	ITG
ARETÉ GESTIÓN DE PERSONAS	KPMG
Colexio de Mediadores de Seguros da Coruña	MANPOWER
GALEJOBS	NORTEMPO
GARRIGUES	INDRA
VECTOR ITC GROUP	

Lembra que:

A asistencia e participación nas actividades do **Foro Avanza** enmarcarase no plano de formación do estudiantado para a mellora da empregabilidade e darán lugar ao recoñecemento de **1 crédito** para os títulos de grao, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- estar debidamente inscrito/a nas actividades e
- asistir aos 3 días completos do programa.

Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria, indicando a actividade e o período de participación.

Colaboran:

